

Queridas familias e demais membros da Comunidade Educativa:

O Equipo e Dinamización Lingüística do Galego, quere darlles a benvida a este novo curso que hai pouco botou a andar.

O noso cometido, é animar a todos e a todas a comunicarse en Galego, sempre que as circunstancias o permitan.

No noso centro, dende o Equipo de Dinamización, propoñemos diferentes actividades encamiñadas a conseguir esta meta co noso alumnado.

Queremos que os nosos nenos e as nosas nenas, se mergullen no Galego, de aí o subtítulo do Proxecto: Mergúllate no Galego. Canto máis se empapen de Galego, máis cerca estarán de alcanzar a Golfi, o golfiño azul protagonista da actividade: A polo teu golfiño!

Todo o alumnado, por participar na actividade, vai gañar un golfiño branco. A medida que o seu interese e nivel de Galego oral vaia mellorando, irá conseguindo os demais golfiños: amarelo, laranxa, vermello, verde e por fin...o azul, Golfi.

Como fío condutor das actividades que levamos a cabo ao longo do curso, temos a Gale e a Gala, dous personaxes que queren moito a Galicia, e polo tanto ás nosas tradicións e á nosa lingua.


Un alumno e unha alumna de sexto, caracterízanse para representar a Gale e a Gala, que acompañados dunha parte da clase, visitan as aulas para propoñer actividades e facer entrega do material necesario.

Estes personaxes, tamén son os protagonistas dos vídeos que se realizan para presentar as diferentes festas escolares.

Temos ademais a sorte, de contar no centro, coa radio escolar, que emite tódolos recreos. Por ela pasa todo o alumnado, realizando programas de aula, programas especiais, así como diferentes seccións. Aquí, os nenos e as nenas, teñen a oportunidade de expresarse en Galego, lendo e improvisando, que é o mellor xeito de mergullarse na nosa lingua.



Eu son Golfi, un golfiño especial
e falo o Galego, fenomenal !!
Se coma min queres falar
tan só terás que practicar!!



Un saúdo
EDLG

